

O SERGAS DEIXA FÓRA AO PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS DOS PAC

CIG-Saúde comunicou no mes de xuño ao SERGAS unha situación detectada en relación ao persoal administrativo dos PAC que considera moi grave.

No **Acordo da Mesa Sectorial do 15 de abril de 2026**, asinado por CSIF, CCOO e UGT, recóllese expresamente que o **persoal de xestión e servizos dos PAC** ten dereito a percibir o **complemento de quenda rotatoria complexa**.

✘ Pero cando ese acordo se traslada á **Orde do 22 de abril de 2026 a través do DOG**, esa parte do acordo non figura.

O resultado é que nas **nóminas de xuño** este persoal **non percibiu o complemento** que figura no acordo.

📌 **Dende CIG-Saúde esiximos explicacións na mesa sectorial e que se corrixa esta situación con carácter inmediato.**

👉 O persoal de xestión e servizos dos PAC ten dereito a cobrar o que figura no acordo.

👉 O cobro deste complemento foi unha das demandas de CIG-Saúde nas convocatorias de folga dos meses de marzo e abril.

Non imos permitir que se eliminen dereitos polo camiño!

